



O drama que Sófocles mostra en *Edipo rei* detéctase en relatos exipcios anteriores, no culto romano a Diana e, de forma máis ou menos incompleta, en diversas lendas como a de Teseo e o Minotauro, a de Xasón, o conto medieval *O cabaleiro da brillante armadura*, as lendas cristiás de San Gregorio e de San Xulián Cazador, o *Hamlet* de Shakespeare, *O Eleito* de Thomas Mann, o *Don Hamlet* de Cunqueiro,etc...

O drama que Sófocles mostra en *Edipo rei* detéctase en relatos exipcios anteriores, no culto romano a Diana e, de forma máis ou menos incompleta, en diversas lendas como a de Teseo e o Minotauro, a de Xasón, o conto medieval *O cabaleiro da brillante armadura*, as lendas cristiás de San Gregorio e de San Xulián Cazador, o *Hamlet* de Shakespeare, *O Eleito* de Thomas Mann, o *Don Hamlet* de Cunqueiro,etc...

Canto á literatura de tradición oral, son claras as pegadas do mito nas historias protagonizadas por príncipes que matan un dragón ou un xigante e casan coa princesa libertada. Mais hai textos que podemos chamar “edípicos” malia presentaren unha forma velada. Entre eles constitúe un paradigma o conto *Branca de Neve* na súa versión antiga, non na versión alterada dos irmáns Grimm.

A obra de Sófocles e o conto primitivo de *Branca de Neve* fan referencia ao proceso de madurez do ser humano utilizando, ademais, os mesmos elementos.

Os elementos indispensábeis para que un relato se axuste ao “esquema edípico” son os seguintes:

- 1.-Intención de matar o fillo ou a filla por parte dun proxenitor.
- 2.-Morte deste proxenitor polo fillo ou pola filla.
- 3.-Casamento do fillo ou da filla co outro proxenitor.

Na historia de *Edipo* aparecen, lembremos, os tres elementos:

- 1.-Laio, advertido polo oráculo do perigo de ser asasinado polo fillo, encárgalle a un criado que leve o neno para o monte e o deixe morrer alí.
- 2.-O neno líbrase da morte e, sendo xa mozo, topa cun home que ofende o seu orgullo. *Edipo*, sen saber que o home é o seu pai, mátao.
- 3.-Despois de librar Tebas da Esfinxe, que tiña apavurada a cidade, *Edipo* casa coa raíña, *locasta*, sen saber que ela é a súa nai.

O conto de *Branca de Neve* cumpre tamén os tres preceptos:

- 1.-A beleza da nena desperta a envexa da nai, que ordena a un criado levar a cativa para o monte e matala.
- 2.-*Branca de Neve* líbrase tamén da morte e, despois de casar co Príncipe, obriga á nai a calzar uns zapatos de ferro candente e bailar até morrer.
- 3.-O casamento de *Branca de Neve* co Príncipe non encaixa, aparentemente, no “canon edípico”, mais a linguaxe simbólica, propia dos mitos e dos contos, axúdanos a transcender a aparencia. Esta, en *Branca de Neve*, mostra que a nena casa cun individuo xeneticamente alleo a ela, mais, de certo, el é o marido (desexado) da nai, ou sexa, o pai (simbólico) de *Branca de Neve*.

A aparencia é, xa que logo, a clave para captarmos a unidade esencial de ambos relatos: *Laio* e *locasta* son aparencias até o momento en que descubrimos que son os pais de *Edipo*, igual que son, como vimos de descubrir, o Príncipe e a *Raíña* pais de *Branca de Neve*.

“

"O CANON É A HISTORIA DA LITERATURA, QUE NACEU COA LINGUAXE HAI MÁIS DUN MILLÓN DE ANOS E QUE, POR TANTO, DEBE GARDAR ALGÚNS DOS SEGREDOS DA SUPERVIVENCIA DA ESPECIE".

”

A aparencia maniféstase mesmo no núcleo do conto, que refire a conquista da madurez humana, proceso que en *Branca de Neve* se materializa ao ir ela converténdose en nai dos ananos. E como estes non son nenos, senón vellos, estimulan a evolución da nena aconsellándolle transcender as aparencias que pode presentar a nai celosa (vendedora, vella, etc...) coa intención de matar a filla. E esta, desouvindo as sabias palabras, sofre os atrancos propios da adolescencia até culminar o proceso no encontro adulto co Príncipe.

O único punto diverxente dos relatos é o final de ambos: o final de *Edipo rei* é terríbel, o final de *Branca de Neve*, feliz. Esta diferenza, lonxe de se opor á unidade das historias, acredítase de vez, pois a intención de ambos finais é a mesma: achegar á alma dos nenos a axuda precisa para acadaren a madurez e, no caso dos adultos, para a reforzaren.

Así, *Edipo* e *Branca de Neve* continúan a ser relatos necesarios poisque ensinan que acadar a madurez significa sermos quen de distinguir a realidade das aparencias, ou sexa, descubriremos os mecanismos de alienación que calquera grupo humano elabora para se facer suportábel. Canto ao tema que estamos a tratar, un deses mecanismos é a inclusión de sublitteratura nos hábitos consumistas de Occidente e, dentro do xénero, iso que chaman “literatura infantil”, que adoita dificultar ao neno non só o pracer da aventura, mais tamén o enriquecemento psicolóxico.

Non se trata de establecermos un canon de lecturas seguindo as obras citadas nin a mitoloxía nin a psicoloxía. O canon é a Historia da Literatura, que naceu coa linguaxe hai máis dun millón de anos e que, por tanto, debe gardar algúns dos segredos da supervivencia da especie. Trátase, si, de que os escritores, os lectores, os profesores... saibamos proxectar ese tesouro ou permitamos que a industria editorial continúe a estorbar a literatura e o futuro.